

# NORMAS XESTIÓN PROGRAMA FONDO LIBROS

## - **Obxecto**

As presentes normas teñen por obxecto regular o Programa Fondo Libros, de conformidade coa :

[Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio](#), de educación (BOE do 4 de maio), que establece no seu artigo 4 que o ensino básico é obrigatorio e gratuíto para todas as persoas. Así mesmo, o artigo 83 prevé a existencia de bolsas e axudas ao estudo para garantir a igualdade no exercicio do dereito á educación.

[Orde do 12 de maio de 2020 \(DOG\)](#) no referido ao sistema de préstamo dos libros de texto e material curricular para o alumnado de centros de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial que cursen os seus estudos nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

[Orden de 06 de mayo 2021 \(DOG 20 mayo\)](#) pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2021/2022, que saíu publicada no Diario Oficial de Galicia o día 20 de maio de 2021.

## - **Condición de beneficiario**

Os alumnos dos centros que cursen os ensinosa que se refire o artigo anterior poderán ser beneficiarios do Programa Fondo Libros sempre que soliciten a súa participación a través do modelo ( a disposición en Secretaría e na páxina oficial da Xunta) e cumpran os requisitos establecidos en dita orde.

## **- Participación no Programa Fondo Libros**

A participación do alumnado no Programa Fondo Libros será voluntaria. Os representantes legais dos alumnos , deberán aceptar expresamente as condicións de uso do material que regula o Centro.

Para poder participar neste programa, é imprescindible inicialmente, que as familias entreguen a finais de xuño o lote completo de libros de préstamo, que utilizaron durante o curso anterior. Coas seguintes excepcións:

- a) Estudiantes de primeiro e segundo de Educación Primaria.
  
- b) Alumnado con necesidades educativas especiais.
  
- c) Alumnos repetidores.
  
- d) Materiais curriculares de elaboración propia que se realicen cada curso escolar.
  
- e) Aqueles cursos para os que se estableza a renovación dos libros de texto e material curricular.

No lote de libros de cada curso que entran no programa estarán incluídos todos os libros de texto non funxibles que o alumno necesite para devandito curso. Por tanto, non estarán incluídos os libros de exercicios que as familias terán que comprar aparte. Os libros de lectura tampouco estarán incluídos no Programa Fondo Libros, xa que o Programa está limitado aos libros de texto.

As familias que voluntariamente decidan adherirse a este programa de préstamo de libros, comprométense a cumprir con estas condicións e con aquelas que a Comisión de Xestión determine, así como a aceptar os criterios de “libro en bo estado” que se lle comuniquen cando entregue os libros en xuño, ao finalizar cada curso.

## **- Dereitos e deberes dos usuarios participantes no Programa**

Os usuarios dos libros de texto e material curricular entregados en préstamo directamente ou a través dos seus representantes legais, terán dereito a:

- a) Ser informados sobre o Programa Fondo Libros.
- b) Participar de forma voluntaria no Programa .
- c) Recibir os libros de texto e material curricular en condicións adecuadas para o seu uso.

O alumnado que participe no Programa Fondo Libros, así como os seus representantes legais, terán as seguintes obrigacións:

- a) Entregar ao centro educativo en perfecto estado, os libros de texto e o material curricular requiridos para poder participar no Fondo Libros.
- b) Facer un uso adecuado dos libros de texto e do material curricular recibidos en préstamo.
- c) Repoñer o material extraviado ou deteriorado.

## **- Condicións iniciais para a entrega ou devolución do lote de libros de texto.**

Para recibir os libros de texto do curso a empezar o alumno deberá entregar ou devolver en perfecto estado de uso todos os libros de texto correspondentes ao curso anterior:

- Os libros deberán entregarse ou devolverse sen forro.
- Durante o uso do libro o forro non debe ser en ningún caso autoadhesivo nin estar suxeito con cinta adhesiva ao propio libro.
- Os libros deberán entregarse ou devolverse sen o nome do alumno.
- Durante o uso do libro o nome do alumno debe escribirse nun adhesivo sobre o forro e non sobre o libro.

- Os libros non deben ter anotacións nin a bolígrafo nin a lapis, nin marcas de telas e ser borradas. Os libros non deben estar subliñados.
- Non se admitirá a entrega ou devolución de libros con follas ou portadas manchadas, engurradas, rachadas ou arrancadas, aínda que estas fosen pegadas con cinta adhesiva.

## **CRITERIOS PARA VALORAR O ESTADO DE CONSERVACIÓN DO LIBRO DE TEXTO**

No caso de que se dea un dos seguintes feitos o libro non se poderá utilizar dentro do programa Fondo Libros:

- Portada e contraportada ou tapas desencoladas e desgaxadas do prego.
- Parte da tapa arrincada
- Ondulacións por humidade
- Emborronado por humidade
- Adhesivos non eliminados
- Pintadas ou garabateadas.
- Follas pintadas.
- Subliñados a bolígrafo ou marcador fluorescente
- Follas arrincadas
- Follas parcialmente arrincadas
- Follas pegadas entres si
- Libros con fotografías recortadas
- Suciedade, marcas de corrector líquido, etc.

## ANEXO SOBRE AS CANLES DE COMUNICACIÓN

### **Norma e política de uso da web do colexio e dos blogues docentes do profesorado.**

Tanto a páxina web do centro, como os blogues elaborados polo profesorado do centro, os cales teñen unha ligazón desde a web do colexio, terán a obrigaón de incluír neles unha serie de normas e política de uso:

- O CPR Plurilingüe Cervantes non se fai responsable das ideas expresadas polos profesores do Centro nos seus blogues persoais e/ou docentes.
- Cada profesor que introduza un comentario realizarao baixo a responsabilidade propia do seu contido.
- O/A director/a resérvase o dereito de eliminar a ligazón do blogue docente polas seguintes razóns:
  1. Atentar contra o dereito á intimidade, á honra e/ou á propia imaxe ou nome.
  2. Que se realice con fins comerciais e/ou publicitarios.
  3. Con contidos ofensivos e/ou discriminatorios cara a terceiras persoas ou blogues.
  4. Con contidos destinados a organizar campañas de boicot contra persoas, empresas ou institucións.
  5. Con mensaxes a outros webs que se axusten a algún dos casos sinalados.

### **As limitacións de uso**

O usuario obrígase a non utilizar o blogue para a realización de actividades contrarias á lei, á moral, á orde pública e, en xeral, a facer un uso conforme ás presentes condicións. Obrígase, así mesmo, a non realizar, a través do blogue, actividades publicitarias ou de explotación comercial e a non remitir mensaxes utilizando unha identidade falsa, así como a non camuflar en maneira algunha a orixe da mensaxe.

No caso de que o director/a descubrise, ben de forma directa ou través de notificacións ou requirimentos de terceiros, a existencia de contidos que puidesen infrinxir a legalidade vixente, as presentes condicións, as normas de funcionamento da sección ou a utilización dos mesmos con fins fraudulentos, ilícitos e/ou non autorizados polos presentes termos legais, o director do centro resérvase o dereito de eliminar a ligazón do blogue docente.

- No caso da publicación nos blogs educativos de fotografías, vídeos, actividades do alumnado, etc. só poderán aparecer os alumnos/ as cuxos pais/nais autoricen o seu uso a través dun documento elaborado polo centro.
- Non estará permitido nos blogs educativos do profesorado (enlazados coa web do colexio) o establecemento de aplicacións de foros para o alumnado e/ou outros usuarios. No caso de que se incorporen ao blogue o responsable controlará as mensaxes emitidas, evitando que se dean xuízos en contra de calquera membro da comunidade educativa. Podendo ser sancionado atendendo ás normas do centro.

➤

### **A Propiedade Intelectual**

O profesor creador do blogue faise responsable dos contidos que ofrece, garantindo que todos os elementos e contidos incluídos no blogue son da súa propiedade ou ten legalmente adquiridos todos os dereitos de explotación dos mesmos para publicalos. Os contidos que o usuario publique deben en todo momento cumprir coa normativa vixente en canto a Propiedade Intelectual e Industrial.